

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Grazas á **respiración** obtemos o osíxeno do aire. O aparello respiratorio está formado polas vías respiratorias e os pulmóns.

As **vías respiratorias** conducen o aire que entra e sae do noso corpo. Son, de fóra cara a dentro, as fosas nasais, a farinxa, a larinxa, a traquea, os bronquios e os bronquíolos.

Os **pulmóns** están situados no tórax. No seu interior, os bronquíolos divídense en condutos cada vez máis finos, que terminan nuns saquiños chamados **alvéolos pulmonares**. Nos alvéolos prodúcese o intercambio de gases.

### 1 Contesta as seguintes preguntas:

- Que é a respiración?

---

---

- De que partes consta o aparello respiratorio?

---

---

- Que función teñen os pulmóns?

---

---

---

### 2 Ordena correctamente os seguintes elementos do aparello respiratorio segundo pasa por eles o aire desde o exterior ata os pulmóns.

alvéolos – fosas nasais ou boca – larinxa – bronquíolos – traquea – bronquios – farinxa

- |          |                          |
|----------|--------------------------|
| 1. _____ | 5. _____                 |
| 2. _____ | 6. _____                 |
| 3. _____ | 7. _____                 |
| 4. _____ | 8. Intercambio de gases. |